

MENOS É MÁIS

Un obradoiro de escritura coordinado por **Fernando Ontañón**



14 outubro · 16 decembro 2026

OUTUBRO mércores 14 · mércores 21 NOVEMBRO mércores 4 · mércores 18

DECEMBRO mércores 2 · mércores 16

HORARIO 19:30 a 21:30 horas PRESENCIAL · ONLINE * PREZO: 100 €

Escribir ben non significa alumear textos complexos, crear estruturas narrativas rebuscadas ou compracerse en innecesarias exhibicións léxicas. Moitas veces, a verdadeira dificultade da escritura consiste en plasmar a complexidade da vida a través de palabras sinxelas e certas, de historias próximas e diálogos veraces e reveladores. Neste obradoiro imos tratar de depurar a nosa escritura na busca dun estilo limpo e claro á vez que fondamente literario. A autora norteamericana Elisabeth Strout será a nosa guía. Leremos a súa novela “Ay, William” e trataremos de analizar as claves da súa brillante escritura para perfeccionar a nosa.

Fernando Ontañón Escritor e redactor independente. Colaborador habitual en prensa, é autor do libro *Relatos invisibles* (Carena, 2010) e das novelas *El periodista despedido* (Ézaro, 2014) coa que obtivo o X Premio de Novela Corta Dulce Chacón, *El orden invisible de las cosas* (Ézaro, 2016), *Mi vida en otra parte* (Bala Perdida, 2019), *Emboscados* (Bala Perdida, 2022) e *Los sueños heroicos* (Bala Perdida, 2024).

nome e apelidos

endereço

email

sinatura

Unha vez cumprimentado cos seus datos, pregamos remita este formulario xunto co xustificante de pago correspondente ao enderezo **info@fundacionluisseoane.gal**

Nº de conta: Abanca ES64 2080 0008 31 3040016673

De acordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RGPD), informámoslle que o responsable do tratamento dos seus datos persoais inscritos nesta actividade é a Fundación Luis Seoane, con enderezo na rúa San Francisco, 27, 15001, en A Coruña. A lexitimación para o tratamento dos seus datos persoais é o consentimento expreso que nos outorga mediante a firma do presente documento. Os seus datos persoais serán empregados para a correcta xestión da actividade na que se inscribe, facturación e cobro do servizo, así como para a xestión administrativa e contable derivada da actividade. Os seus datos non se cederán a terceiros, salvo que exista unha obriga legal. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar nas oficinas da Fundación sitas no enderezo enriba indicado ou ben solicitándoa por correo electrónico: info@fundacionluisseoane.gal

** Todas as sesións realizaranse co grupo na propia Fundación Luis Seoane. Só o coordinador do obradoiro conectarase en remoto nas sesións online.*